Confederación Intersindical Galega
AUTONÓMICA
Confederación Intersindical Galega
Soto Consellería Educación
Telf.: 981 54 59 09 - Fax: 981 54 59 91
Edificio Administrativo San Caetano - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Alegacións da CIG a modificación da RPT de Facenda (primeira reunión 16/06/11)

1.- Bótase en falta o informe de Orzamentos.

2.- Xenericamente hai moitas prazas abertas a outras administracións, sobrepasando ampliamente o 5% que e o máximo que contempla o acordo entre a administración e sindicatos, tamén están abertas prazas de xefes de negociados, seccións, servizos.

3.- Poñénse demasiados requisitos en formación específica para determinados postos, como é a experiencias en determinadas materias (xestión económica, orzamentaria, de persoal, etc.), experiencias que só se ten si se están nestas prazas, entendemos que isto perxudica a mobilidade entre consellerías (concurso).

4.- Respecto a reclasificación das secretarias/os de subdirector/a en axudantes de administración, queremos que se saque un catálogo de funcións, coas funcions que lle corresponden a esta nova denominación e non que queden a dispor da dirección xeral un pouco para "Chico/a para todo". Vemos ben que se abran estas prazas o grupo A2 pois facilita a mobilidade.

5.- As dispoñiblidades horarias nas habilitacións territoriares queremos que se concreten.

6.- Tampouco podemos estar de acordo con que casi a totalidade das prazas de nivel de servizo, sección, subdirección abertas o corpo xeral se abran a escalas, e mais algunha que estaba aberta o corpo xeral/escala se cerre só a escalas.

7.- A amortización de 3 prazas de auxiliares vacantes para abrir 9 postos do C1 a C2 parecen excesivos (estamos pendentes do informe económico).

Polo miúdo alegamos o siguinte:

8.- Praza en S.X. de Investigación, xefe de sección, forma de provisión LD, queremos que sexa de Concurso, asi como adscripción A11 queremos que sexa AXG.

9.- Praza en S.X. de Investigación, xefe de negociado C1-C2, en formación específica pon 530, Diplomado en Economicas, empresariales (merito), parecenos excesivo.

10.- Prazas de xefes de sección nas delegación e xefatura de negociado de habilitación todas menos unha pidese en formación expecífica 007-009-069-197 e unha pidese 501(licenciatura en dereito), parecenos incoherente, e moi perfilados como dixemos xa no punto 3. Con relación a esta praza con mérito 501, na xefatura territorial de Ourense, denunciamos que se desbloqueou (pasou de escala de Finanzas a Xeral/Finanzas) cun mérito característico que vai destinado a unha persoa concreta que xa traballou nesa xefatura , o cal é "vox populi".

11.- Praza na Xefatura Territorial de Vigo, asesor técnico cerrase A1 para so de escalas nos decimos que debe seguir como esta (A1-A2 Xeral(escala de finanzas)

Compostela, 17 de xuño de 2011